



Resolución do 31 de xaneiro de 2008, do Director-Xerente no proceso para o ingreso na lista previa na categoría de Arquitecto Técnico, convocado por resolución do 28 de novembro de 2007 (DOG do 4 de decembro de 2007) do Director-Xerente, pola que se aproba o nomeamento e incorporación dun asesor especialista para a súa colaboración na proba de galego.

En sesión que tivo lugar o día 25 de xaneiro de 2008, a comisión de selección designada para cualificar o proceso para o ingreso na lista previa na categoría de Arquitecto Técnico, convocado por resolución do 28 de novembro de 2007 (DOG do 4 de decembro de 2007) do Director-Xerente, aprobou a incorporación dun asesor especialista para a súa colaboración na proba de galego, así como elevar a este Director-Xerente a proposta de contratación e nomeamento do mesmo.

De conformidade co establecido na base xeral 2.1.8 e na base específica 2.1.5 das que rexen o proceso, este Director Xerente, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a contratación, nomeamento e incorporación dun asesor especialista para a súa colaboración na proba de galego.

Aprobar a contratación, nomeamento e incorporación do asesor especialista proposto pola comisión de selección para a súa colaboración na proba de galego, que se relaciona a continuación:

Nome e apelidos: Manuel Núñez Singala

Titulación / especialidade: Licenciado en Filoloxía Hispánica (Sección Galego Portuguesa)

Segundo.- Facultades do asesor especialista.

De conformidade co establecido na base xeral 2.1.8 e na base específica 1.4.1 das que rexen o proceso, o asesor especialista limitarase a prestar a súa colaboración na súa especialidade, e terá voz pero non voto.

Santiago de Compostela, a 31 de xaneiro de 2008.

Asdo.- Xan Bautista Cambón Rodríguez

Director-Xerente

